

A humanización da entrada de Lestedo estará lista a principios de 2027

María Martínez e Ovidio Rodeiro asinan un convenio que supón unha inversión de 460.000 €

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, María Martínez Allegue, asinaron o convenio de colaboración para mellorar os itinerarios peonís en Lestedo, cun investimento de máis de 460.000€. A actuación desenvolverase ao abeiro do Plan Hurbe da Xunta e será financiada nun 70% polo Goberno galego, que contratará e executará as obras. O Concello achegará o 30% restante e corresponderalle o mantemento e conservación.

Rodeiro destacou que “son dúas actuacións que van a permitir humanizar a entrada de Lestedo e que foi das primeiras que lle pedimos á conselleira. Vimos de facer outra actuación coa Consellería de Medio Ambiente no outro extremo de Lestedo, polo que con este novo proxecto deixaríamos a entrada e a saída do núcleo e da parroquia moi humanizadas e con espazos verdes para desfrute dos veciños e veciñas”.

O alcalde agradeceu a colaboración da Xunta pois “vén recoller a demanda histórica da xente da pa-



Veciñas e veciños achegáronse ao acto de sinatura do convenio de colaboración

roquia” e remarcou que “moitas das actuacións van soterradas e non se ven, pero notaranse porque,

unha vez feitas, aínda que choiva moito a auga xa non baixará pola estrada senón que será recollida”.



Avenida dos Vinteseis. Regularizaranse as zonas de aparcamento e crearanse itinerarios peonís para que a veciñanza poida acceder ás marquesiñas ben con cadeiras de rodas e dotando de novo alumeadado público á zona. Tamén se renovará a rede de pluviais e soterraranse as de telefonía e de electricidade. Instalarase unha zona de lecer, coa árbores e mobiliario urbano.



Rúa Castrelo. As obras inclúen a renovación da beirarrúa existente, así como a instalación de bordo. Na marxe dereita da rúa proxéctase a construción dunha senda peonil de 120 metros de lonxitude para garantir a seguridade do tránsito peonil. Tamén se renovará a capa de rodaxe do viario municipal neste treito e se substituirá a sinalización.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

01 xun / 30 xun

LEDESMA

Campo da festa

01 xul / 02 ago

A GRANXA

Campo da festa



Axudas de 400€ para promover a natalidade e o comercio local

O Concello de Boqueixón vén convocar as axudas destinadas ao fomento da natalidade no municipio durante 2026. Unhas axudas de ata 400 € por cada crianza nada, adoptada ou acollida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026 e que teñen unha dobre finalidade: axudar parcialmente ás familias cos custos derivados do nacemento, acollida ou adopción de nenos empadroados en Boqueixón; e promover o comercio local, xa que o gasto subvencionado debe realizarse en locais do municipio. A axuda será de 500€ no caso de acreditar unha discapacidade da crianza dun 33% ou máis.

As solicitudes presentáranse preferentemente por vía electrónica, ou no Rexistro Xeral do Concello, nun prazo máximo de 15 días naturais (contados desde o día seguinte ao nacemento, adopción ou acollida). Os impresos están dispoñibles en boqueixon.gal. Máis información no Departamento de Formación e Emprego: 981 513 061.

Cacharelas de San Xoán 2026

O Concello abre o prazo de solicitude para as cacharelas da noite de San Xoán. A documentación debe entregarse antes do 21 de xuño no Rexistro Xeral de Boqueixón ou a través da sede electrónica. O modelo de solicitude e as normas pódense descargar en boqueixon.gal.



Fin das reunións por parroquias

O Concello de Boqueixón vén de rematar as últimas reunións informativas por parroquias. Encontros que serviron para escoitar as demandas da veciñanza e facer tamén un repaso das actuacións máis relevantes levadas a cabo ou que están pendentes de realizar.

O alcalde Ovidio Rodeiro agradeceu “o interese amosado pola veciñanza nesta iniciativa, na que lles explicamos as grandes actuacións que estamos acometendo como concello, pero

tamén entramos no detalle de cada parroquia, ademais de escoitar as súas demandas e propostas, que sempre son benvidas”. Entre outras actuacións, o alcalde puxo en valor tres proxectos: os 1,6 millóns de euros investidos na renovación do alumeadado público (que reducirán a factura eléctrica e axudarán a coidar do medio ambiente), os máis de 2,4 millóns de euros investidos en sendas peonís para mellorar a seguridade viaria en todas as parroquias e os

avances en materia de saneamento e abastecemento, cos 1,8 millóns de euros da nova EDAR de Sergude e a dixitalización do servizo de abastecemento.

E sen olvidar as melloras en pistas e camiños, moitas delas en aglomerado, os avances na parcelaria ou próximas actuacións como o millón de euros que a Xunta vai investir na AC-960 ou as obras de humanización realizadas e por acometer en Lestedo (ver paxina 1).

A Xunta soluciona un problema de augas na AC-960 en Sergude

Nestes días están a executarse as obras de mellora da AC-960, no tramo que pasa por diante da Igrexa de Sergude. Un traballo nos que a Xunta de Galicia está a solucionar o importante problema de acumulación de auga que se rexistraba nesta estrada en datas de fortes choivas. Dende o Concello de Boqueixón agradecen a sensibilidade da Xunta, que dou pronta resposta a esta petición.



O Concello consideraba prioritara o arranxo deste tramo da AC-960

O Concello logra 120.000 euros para o polígono de Camporrapado

A achega da Xunta permitirá mellorar a rede viaria do polígono

O Concello de Boqueixón vén de conseguir unha axuda de 120.000 euros da Consellería de Economía e Industria para a mellora da rede viaria de acceso ao polígono empresarial de Camporrapado. Unha actuación que inclúe o fresado previo do firme sobre unha superficie de 2.185 m², tras o que se procederá a reparar os baches con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. A actuación completárase cun aglomerado en quente da estrada.

A maiores, o Concello anheará o viario nunha superficie de 160 m². Así mesmo, para a correcta recollida das augas pluviais, executarase unha rígola de formigón de 20 centímetros e colocaranse 415 metros de tubaxos correspondentes pozos de rexistro e arquetas con sumidoiro. Sobre esta canalización construírase unha



Estradas de acceso ao parque empresarial que serán melloradas

cuneta de seguridade para o tránsito de peóns. As obras inclúen o pintado da sinalización horizontal e a instalación de dous sinais de stop.

Esta actuación súmase aos traballos realizados a finais de 2025, nos que Concello e Xunta investiron outros 60.000€ para a mellora de varios camiños que rodean ao polígono empresarial tamén en aglomerado

en quente de 5 centímetros e a construción dunha senda peonil de case 200 metros de longo por 1,8 metros de ancho para mellorar a seguridade dos peóns. Previamente, en 2022, Concello e Xunta investiron outros 150.000€ na precepción á rede de saneamento municipal das propiedades anexas e o fresado dos entronques coa AC-960.

A piscina municipal abre o 20 de xuño

A piscina do Forte abrirá as súas portas o sábado 20 de xuño, sendo a entrada de balde ata o 1 de xullo. Os prezos mantéñense sen variacións: 3,71€ a entrada individual e os bonos de 20 entradas custarán 6,17€ (-16 anos) e 12,34€ (adultos). E nos abonos familiares de 20 entradas: pai e nai (15,43€), 1º fillo (6,17€), 2º fillo (3,09€) e de balde o resto.

Cursos de natación

A inscrición nos cursos de natación (iniciación e perfeccionamento) para nados do 2013 a 2020 estará aberta do 8 ao 18 de xuño. As clases serán nas mañás de xullo e o prezo é de 15€. Inscricións na sede electrónica ou no Concello coa ficha dispoñible en boqueixon.gal.



A conselleira Fabiola García visita a casa do maior de Lamas

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, destacou a aposta da Xunta por un modelo de coidados que ofrece aos maiores a liberdade de escoller onde queren pasar esta etapa das súas vidas. Fíxoo na visita á casa do maior de Lamas, a cuarta coa que conta Boqueixón.



O Encontro de Maiores reúne a preto de trescentas persoas

Uns 300 veciños/as tomaron parte no Encontro de Maiores de Boqueixón, presidido polo alcalde Ovidio Rodeiro, e o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade, Perfecto Rodríguez. Todos recibiron agasallos grazas ao Concello, SBC Gasolinas e CLUN Clesa. Tamén se homenaxeou a Almerinda Vigo Torres (Sergude) e José M^a Rosende Lago (Sucira) que, con 89 e 90 anos, eran as persoas de máis idade no encontro.



Máis de 200 xogadores no Torneo Sub-12

A SD Compostela gañou o IV Torneo F11 Sub12 Vedra Boqueixón ED, xogado nos campos municipais do Forte, Manuel Silva e O Coto e no que participaron máis de 200 xogadores de 12 clubs. A SD Villestro foi segunda e os lo-

cais da ED Vedra Boqueixón lograron o terceiro posto ao derrotar ao ED Xuventude Oroso. Os alcaldes de Boqueixón e Vedra entregaron os premios e felicitaron aos máis de 80 voluntarios/as que fixeron posible o torneo.

O IX Campus Donato de fútbol abre inscricións

O Pico Sacro foi o lugar escollido para presentar o acordo entre a Escola Donato Tecnificación e Vedra-Boqueixón Escola Deportiva para acoller o IX Campus Donato de fútbol, co apoio dos Concellos de Boqueixón e Vedra. Un campus dirixido a

rapaces e rapazas de entre os 6 e os 15 anos, que terá lugar do 29 de xuño ao 3 de xullo. Hai dispoñibles 100 prazas e o prezo é de 115 euros (100€ para os socios de Vedra-Boqueixón ED). Inscricións en: <https://campamentoscoruna.es/es>.



O Pico Sacro, saída da XII Carreira Camiño das Letras

Un total de 124 atletas tomaron a saída do Pico Saro na XII Carreira Camiño das Letras, disputada o pasado 17 de maio, e que gañaron o vigués Daniel Vila e a cambadesa Iria Martínez. En total, 534 atletas tomaron parte

nalgunha das probas programadas este ano, todas elas con meta na Cidade da Cultura de Galicia. Todos eles levaron un libro como agasallo, coincidindo coa conmemoración do Día das Letras Galegas 2026.



A Ruta dos Pescadores abre o Goza do Ulla 2026

Unhas sesenta persoas participaron nunha andaina pola Ruta dos Pescadores de Boqueixón, que este ano serviu para abrir a programación do "Goza do Ulla 2026". Un percorrido pola Rede Natura 2000 que foi posto en valor

polo Concello cun investimento de máis de 60.000 euros. As próximas citas terán lugar o sábado 6 de xuño en Dodro e o domingo 12 de xullo en Antas de Ulla. Máis información en www.boqueixon.gal.



Aberta inscricións nos cursos de inglés e nas clases intensivas para preparar o B1 e B2

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición dos seus cursos de inglés, que terán lugar de outubro a xuño no CPI Antonio Orza Couto. Están dirixidos a alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria e mocidade a partir de 16 anos. Conformeranse tres grupos de nivel: A2, B1 e B2. O alumnado matriculado pode renovar a súa praza ata o 15 de xuño. Despois, do 16 ao 30 de xuño, abrirase un novo prazo para novas matrículas. A documentación está dispoñible en www.boqueixon.gal.

E do 22 de xuño ao 3 de xullo, de 11:00 a 13:00 horas, o Concello organiza un **curso intensivo de inglés para preparar os exames B1 e B2**. As clases terán lugar no CPI Antonio Orza Couto, en horario de mañá. Máis información e inscricións: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.es.



A parroquia de Donas celebra as festas na honra a Santa Rita

A parroquia de Donas celebrou un ano máis as súas festas na honra a Santa Rita, unha celebración de gran arraigo entre a veciñanza que arrincou coa misa solemne. Tras a bendición das rosas e venda de velas e figuras de cera tivo lugar a tradicional procesión ata O Cruceiro, acompañados polo grupo de gaitas Pena do Corvo. Despois, festa rachada con verbena co Dúo Pachi Show, Yesenia e moito polbo, churrasco, rosquillas e churros.

Anotacións aberta nas actividades deportivas para persoas adultas

O Concello informa de que ata o 15 de xuño estará aberto a renovación de praza para os veciños/as que participaron nas actividades deportivas para persoas adultas. Do 16 ao 30 de xuño abrirase o prazo de novas matrículas para a temporada 2026-2027 a través da sede electrónica. Máis información no 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.es.

Descenso do Ulla en kaiaç o 27 de xuño

Os Concellos de Boqueixón e Vedra organizan un Descenso do Ulla en kaiaç, de Ponteledesma a Agronovo, que terá lugar o sábado 27 de xuño. Prezo: 30 euros (1 praza en kaiaç de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro). Menores entre 13 e 18 anos, con autorización familiar. Inscricións ata o 22 de xuño en www.boqueixon.gal.



Alta demanda no servizo de conciliación Verán Activo

Alta demanda no servizo de conciliación Verán Activo, dirixido á rapazada de idades entre os 3 e os 16 anos e que se desenvolverá do 22 de xuño ao 8 de setembro. O programa está cofinanciado pola Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdad a través do Plan Corresponsables.



Rutas a cabalo para descubrir a riqueza natural de Boqueixón

Xonohaxo Relinchos (www.xonohaxorelinchos.com) é unha nova empresa que ofrece rutas a cabalo por Boqueixón. Un servizo que Óscar e Manuel, promotores da iniciativa, presentaron ao alcalde Ovidio Rodeiro e o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, no acto de presentación celebrado en Enoturismo Manuela.



Un San Cidre, de Interese Turístico de Galicia

A 52 Festa das Carrozas do San Cidre encheu o campo da festa do Oural. Unha edición marcada pola súa declaración como Festa de Interese Turístico “da que tendes que presumir con orgullo porque non poucas festas poden tela”, asegurou o concelleiro de Educación, Román Rodríguez, para quen “estamos nunha festa francamente excepcional”. Por iso, o alcalde Ovidio Rodeiro felicitou aos veciños e veciñas do Oural por “máis de 50 anos de traballo que se recolleron nun libro. Moi

poucos lugares poden contar cunha publicación deste nivel que recolla a historia viva dunha parroquia durante medio século cos testemuños de moitos veciños da parroquia. Parabéns á asociación das Carrozas do San Cidre e á Comisión de Festas”.

O premio á mellor carroza foi para “Os Cheas”, seguidos de “Os Cuchipandas” e “Sin Lei quero”. Tamén se entregaron distincións ás peñas de Oural e Rebordaos por levar medio século participando no desfile.



O Pico de Maio celébrase por duplicado: na Granxa e en Bos Aires

Os emigrados na Arxentina levan décadas celebrando o San Sebastián

Este ano tivemos ración dobre do Pico de Maio o pasado 31 de maio. Por unha banda, a tradicional Romaría do Pico na Honra a San Sebastián foi todo un éxito de devoción e convivencia. A Comisión de Fesas da Granxa tiña preparado un amplo programa paralelo ás misas que incluía polbo, churrasco e doces, baixo os acordes do grupo No Deloiro, da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio.



Ese mesmo día, unha delegación de Boqueixón encabezada polo alcalde Ovidio Rodeiro e integrada polos seus predecesores Manuel Fernández Munín e Adolfo Gacio Vázquez, visitaron a Sociedade Parroquial de Vedra na Arxentina para celebrar a gran Festa do Pico, que esta entidade leva máis de vinte anos conmemorando na honra a San Sebastián.



O Concello duplica ata os 20 euros o valor dos vales para xardineiras

O Concello abre este mes de xuño e ata o 30 de setembro o período de canxexo de vales para os padriños e madriñas das xardineiras do municipio. O proxecto "Amadríña / Apadríña unha xardineira" conta na actualidade con 91 participantes, que recibirán nos próximos días por correo os seus vales de 20€ para canxelos por plantas. Habrá 2 opcións:

A) 15 plantas en macete de 10,4 cm de diámetro (petunia, begonia, tajete ou claveliña).

B) 8 plantas en maceta de 13 cm de diámetro (surfinia, verbena, xeranio ou guineana).

Os devanditos vales poderanse canxear en Viveiros Compostela SAT (A Corna- Pousada) ou Xardín Compostela SL (Lestedo).



Boqueixón adhiúrese á Rede de Concellos contra o Acoso Escolar

O Concello de Boqueixón é un dos primeiros municipios de Galicia en adherirse á Rede de Concellos contra o Acoso Escolar, unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para reforzar a cooperación entre as administracións á hora de sensibilizar, previr, formar e resolver posibles casos de acoso escolar.



As Mulleres Rurais de Lestedo homenaxean á primeira presidenta

O xantar da Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo homenaxeou a Maruja de Pepa, primeira presidenta en 1991 e cuxo labor permitiu a consolidación da entidade. Un testigo tomado por Loli de Rubial, Maruja Barros, a finada Carmen Núñez, Marisa Lorenzo, Gemma e Carmen Mella. E sorte á nova directiva presidida por Ana Botana, xunto a Victoria, Mercedes e Lourdes.

Estrea dun documental sobre o Pico Sacro

O xoves 11 de xuño, ás 11:30 h, no centro de interpretación do Pico Sacro de Lestedo

O alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, e o vicepresidente da Deputación da Coruña, Xosé Regueira, presidirán a presentación do documental "Pico Sacro. Monte de mitos e lendas", que terá lugar o xoves 11 de xuño, ás 11:30 horas, no Centro de Interpretación do Pico Sacro (Cachosenande - Lestedo). A entrada é libre ata completar aforo.

Unha peza audiovisual, duns 25 minutos de duración, que conta con voces autorizadas sobre o Monte Illicino, gran parte delas participantes dos encontros "Mes e Pico" que volverán convocarse a finais de xuño e principios de xullo.



Un dos fotogramas do documental "Pico Sacro. Monte de mitos e lendas", dunha duración aproximada de 25 minutos

Entre as persoas que interveñen neste documental figuran Felipe Criado-Boado, arqueólogo no CSIC; Víctor García Piñeiro, arqueólogo e técnico de turismo; Severino Fernández Abal, profesor de xeografía e historia; César González García, arqueoastrónomo científico titular

no INCIPIT; César Parcero Oubiña, investigador no INCIPIT; David Fernández Abella, arqueólogo; Alexandre Villaravid, técnico de turismo ou José Sánchez Piso, cura de Lestedo. Tamén se contou coa colaboración do alumnado de 5º de primaria do CPI Antonio Orza Couto

do Concello de Boqueixón, así como da Federación Galega de Espeleoloxía.

O resultado: un documental sobre historias, fe, tradición, mitoloxía, literatura, dragóns, lendas xacobeas, xeoloxía... que podes descubrir o xoves 11 en Cachosenande.

AXENDA DO MES DE XUÑO

Venres
5

Festa Fin de Curso

ANPA do Forte. 15:30 h.
Inchables, merenda, festa da escuma, exhibicións. Inscricións: anpadoforte@gmail.com.

Venres
5

Festival Escola Infantil Municipal

Casa da Cultura Camporrapado. 17:15 h. Trémola Teatro pon en escena "Nube de algodón", unha obra sensorial para bebés de 6 meses a 4 anos.

Luns
8

Cursos de natación

Inscricións ata o 18 de xuño.
Clases nas mañás de xullo. 15€.

Mércores
10

Foro A España despoboad

CFEA Sergude. 10:00 h.
Foro da Cadena Ser. Entrada libre.

Xoves
11

Documental: Pico Sacro. Monte de mitos e lendas

Centro de Interpretación do Pico Sacro. 11:30 h. Entrada libre ata completar aforo.

Venres
12

Doazón de Sangue

Lestedo. Diante de Abanca.
De 15:45 a 21:00 horas

Sábado
13

loga: "O son do silencio"

Centro de Interpretación do Pico Sacro (Lestedo). De 10:30 a 12:00 h.
Imparte Xus Raíndo. Inscricións: cultura@boqueixon.es/981 513 115

Sábado
20

Apertura da piscina

Prezos: 3,71€ (individual) e bonos de 20 entradas a 6,17€ (-16 anos) e 12,34€ (adultos). Abonos familiares: pai e nai (15,43€), 1º fillo (6,17€), 2º fillo (3,09€) e de balde o resto.

Domingo
21

Cacharelas de San Xoán

Fin do prazo de solicitude de permiso para facer as cacharelas.

Venres
26

Mago Teto: "O afiador"

Carballeira da feira de Lestedo, 18:30 h. Dirixido a un público familiar.

Sábado
27

Kote Malabar: "Cirkote"

Piscina municipal do Forte, ás 18:30 horas. Rede Cultural da Deputación.

Sábado
27

Descenso do Ulla

Ponteledesma-Agronovo. 30 €. Inscricións: www.boqueixon.gal

Sa/Do
27-8

Festas en Loureda

Sábado 27. San Pedro. Pasarrúas co grupo Son de gaita. Misa (13h) e sesión vermú do dúo The Voice.
Domingo 28. Santísimo Sacramento. Misa (13h) e Charanga BB+.

Luns
29

IX Campus Donato

Do 29 de xuño ao 3 de xullo. De 6 a 15 anos. Información: campamentoscoruna.es/es

... e en xullo

Sábado
4

Festa da Xuventude

Piscina municipal do Forte. CDC Truck DJ. Rede Cultural da Deputación da Coruña.

Venres
17

Brais das Hortas: "Consertasso na horta"

Pico Sacro. Ás 19:30 horas. Dirixido a un público familiar. Programa: Ler conta moito.